# CATÁLOGO ESPAZOCOOP 2026

## ACTIVIDADES E SERVIZOS



espazo coop
unión de cooperativas galegas

# ÍNDICE


REPRESENTACIÓN E INCIDENCIA POLÍTICA - 03

APOIO PARA CREAR COOPERATIVAS -04

CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS - 08

FORMACIÓN - 14

PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO - 17



espazo coop
unión de cooperativas galegas

# REPRESENTACIÓN E INCIDENCIA POLÍTICA

EspazoCoop brinda representación e servizos ás cooperativas socias. Somos unha entidade de segundo nivel que agrupa a cooperativas de Galicia e formamos parte de diversas organizacións do mundo cooperativo e da economía social, esto permite a representación e interlocución institucional, estar nos principais foros e organismos, e en entidades de interese, para defender e representar ás cooperativas e o cooperativismo a nivel galego, estatal e europeo.

Asociarse dá acceso a orientación e acompañamento para crecer como cooperativa, ser parte de novas redes, promocionarvos, defender os vosos intereses, e darlle máis valor e sentido aos principios que nos unen.  O noso fin é promover o cooperativismo, consolidalo, e conectar cooperativas asociadas. Somos un espazo de participación, de información, de aprendizaxe e de proxección.

Máis información aquí

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# APOIO PARA CREAR COOPERATIVAS

A cooperativa sérvenos para organizar e dar resposta a distintas necesidades (acceso a emprego, consumir ou obter servizos profesionais), baséanse nos principios de xestión democrática, participación, autoxestión ou axuda mutua, no marco dunha estrutura horizontal e igualitaria.

Impulsamos novas cooperativas, ofrecemos orientación, información, e acompañamento especializado. Contamos con profesionais experimentadas que coñecen o modelo, as particularidades que distinguen ás cooperativas e todos os aspectos que lle dan valor.

En EspazoCoop desenvolvemos varios programas que prestan soporte para formar cooperativas.

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Apoio para crear cooperativas

## +COOP


+COOP asesora e acompaña a persoas que promoven empresas cooperativas en Galicia. A Unión conta cun fondo de 600 horas para prestar o servizo. Inclúe unha xornada de resultados e intercambio o 7 de xullo, que permitirá mostrar o potencial das cooperativas para acceder ao emprego.

Ata 31 de outubro 2026
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA ]

## ESPAZOCOOP EMPRENDE

Itinerario para crear cooperativas. Asesoramento individual e grupal, formación a emprendedoras, cooperativas recén constituídas, e soporte ata os 18 meses de vida.  O 10 de setembro sesión CONECTA COOP (Marketing e RRSS) en Pontevedra na Feira Pont Up Store.

Durante 2026
[ PROGRAMA EFESO (CEPES-FSE+) - CONCELLO DE PONTEVEDRA ]



espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Apoio para crear cooperativas

## EC4RURAL

EC4RURAL busca que as comunidades rurais participen da transición cara ás enerxías limpas a través da creación de comunidades enerxéticas.

En 2026 EspazoCoop imparte formación no curso: “Impulsar e xestionar Comunidades Enerxéticas Renovables” (formación de posgrao da UVigo). Tamén adaptará materiais formativos de EC4RURAL, para poñer en marcha un curso aberto á cidadanía. Ademáis organizará unha xornada de cooperativismo de consumo e comunidades enerxéticas (outubro), e participará no encontro de socios do 22>24 de setembro en Estonia.


Durante 2026
[ LIFE ]

## ES-FACTORY

O proxecto europeo ES-FACTORY é un programa transfronteirizo de Galicia e Norte de Portugal, no que EspazoCoop en 2026 desenvolverá a ferramenta dixital de xestión para cooperativas da economía prateada (casas do maior).

Tamén participará nas actividades da Rede de Aceleradoras, no Directorio Transfronteirizo de Axentes de ES, e no impulso de cooperativas xuvenís (pilotos de cooperativas de emprendemento para xerar emprego de calidade na ES).

Durante 2026
[POCTEP]



espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Apoio para crear cooperativas

## IMPULSO


IMPULSO é un programa de fomento e dinamización para facilitar a creación de cooperativas na mocidade, mediante asesoramento e acompañamento a medida. Emprego emerxente con "IMPULSO", cooperativas para o emprendemento xuvenil.

Ata 31 de outubro 2026
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA - POCTEP]

## ASESORAMENTO PARA O EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA

Asesoramento para promover o emprendemento cooperativo, especialmente en fases iniciais. Acompañando a grupos promotores para garantir a viabilidade técnica, económica e social dos proxectos.

Ata 31 de outubro 2026
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA]



espazo coop
unión de cooperativas galegas

# CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS

Grazas á liña de consolidación, acompañamos e orientamos ás cooperativas socias con programas que dan resposta ás súas distintas necesidades. EspazoCoop como asociación que constrúe unha rede entre as cooperativas, realiza acompañamento personalizado e programas de crecemento a medida.

Acumula unha longa experiencia orientando e asesorando a cooperativas, e ten creado recursos, formacións, actividades e programas específicos para empresas cooperativas que están axudando e contribuíndo a que medre e se consolide o cooperativismo galego. Contamos con varios programas para ofrecer estes servizos de asesoramento e acompañamento a cooperativas en funcionamento.

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Consolidación de cooperativas

## CONSOLIDA+

Apoio ás cooperativas para a súa consolidación,
acompaña ás socias, órganos directivos e consellos reitores para asumir con garantías o seu papel de xestión e goberno.
590 h. de
asesoramento, curso en liña "Ferramentas Básicas de Xestión Cooperativa" (20 horas), 3 webinars e a xornada final
de resultados o 18 de setembro.


Ata 31 de outubro 2026
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA ]

## INTERCOOPERACIÓN

Programa de Intercooperacion para fomentar a colaboración tanto a nivel sectorial como intersectorial e con outras entidades da Economía Social e Solidaria (ESS).

EspazoCoop implementa un programa con 4 encontros  e acompañamento a iniciativas de intercooperación.

Ata 31 de outubro 2026
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA ]



espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Consolidación de cooperativas

## ACADEMIA FACTORÍA DA ES

Programa de aceleración de proxectos cooperativos para contribuír á maduración dos procesos de emprendemento.


Mellora de habilidades, creación de novas liñas de negocio e innovar a través de mentorías especializadas.

Ata 31 de outubro 2026
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA ]

## ESPAZOCOOP EMPRENDE

Acompañamento despois da creación da cooperativa ata os 18 meses de vida, para mellorar competencias emprendedoras e a supervivencia empresarial, apoiando a súa consolidación durante a fase semente de EspazoCoop Emprende.

Durante 2026
[ PROGRAMA EFESO.CEPES-FSE+ ]



espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Consolidación de cooperativas

## NETWORKING COOPERATIVO

Encontro de coñecemento mutuo e de xeración de vínculos entre cooperativas do territorio, para explorar posibles sinerxías, vías de colaboración realistas, e reflexionar colectivamente sobre temáticas estratéxicas de colaboración.

16 decembro 2026
[ CONCELLO DA CORUÑA ]

## ENCONTRO DE COOPERATIVAS CULTURA

Encontro de intercooperación e networking para as cooperativas da Sectorial de Cultura, Turismo, Ocio, Patrimonio e Medioambiente de EspazoCoop, na nova sede da Unión en Pontevedra, no CIC Maruxa Mallo.

Un espazo para facilitar a reflexión, o coñecemento mutuo, e a dinamización da colaboración e intercooperación do ecosistema cooperativo galego.

1 de outubro 2026

## ENCONTRO INTERCOOPERACIÓN

Un espazo de coñecemento entre cooperativas de Compostela e outras cooperativas galegas, e de dinamización de procesos de colaboración e intercooperación.

17 xuño 2026
[ CONCELLO DE SANTIAGO ]

espazo coop
unión de cooperativas galegas

COOP

# Consolidación de cooperativas

## SERVIZO DE APOIO NA XESTIÓN A COOPERATIVAS SOCIAS

As cooperatias socias contan cun servizo de consultas de xestión cooperativa, para tratar temas xurídicos e societarios, contables, fiscais, laborais, sobre axudas específicas para o sector cooperativo, e outras liñas, como pode ser tarefas de intermediación coa Administración para aquelas cooperativas asociadas que o precisan.

Durante 2026

## SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA EN EDUCACIÓN

Servizo de consultas para escolas cooperativas asociadas a EspazoCoop e centros de ensino de ACES Galicia en materia educativa

Durante 2026

## FERRAMENTA DIXITAL DE XESTIÓN COOPERATIVAS CASAS DO MAIOR

Ferramenta de xestión para a mellora dos procesos de documentación de actividades diarias, incidencias e control
de tarefas, no servizo de atención a persoas maiores que realizan as Casas de maiores, xestionadas
por cooperativas de traballo asociado.

Ata 31 de outubro de 2026
[ REDE EUSUMO - XUNTA DE GALICIA]

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Consolidación de cooperativas

## DIAGNÓSTICO COOPERATIVISMO CULTURAL CORUÑA


Elaboración dun informe diagnóstico do cooperativismo cultural da provincia da Coruña. Co obxectivo de recoller o seu impacto no ecosistema cultural provincial e as posibilidades de fortalecemento do modelo cooperativo aplicado á cultura. Incluíndo necesidades para orientar futuras políticas culturais.

2026
[ DEPUTACIÓN DA CORUÑA ]

## ESTUDO NO ÁMBITO DOS DEREITOS CULTURAIS

Participación no estudo liderado por COCETA para analizar como as cooperativas culturais contribúen ao exercicio efectivo dos dereitos culturais no Estado, identificando as súas achegas, límites, e barreiras en cinco territorios, co fin de xerar coñecemento aplicable á mellora das políticas culturais.

2026
[ MINISTERIO DE CULTURA]



espazo coop
unión de cooperativas galegas

# CATÁLOGO ESPAZOCOOP 2026

## FORMACIÓN

A oferta formativa da Unión de Cooperativas conta en 2026 cunha programación de máis de 10 cursos en materia cooperativa, nas modalidades de presencial e teleformación, orientadas a persoas cooperativistas e a persoal contratado destas empresas, para axentes de emprego e emprendemento, persoal técnico de desenvolvemento local, e outros colectivos e públicos interesados.

EspazoCoop dispón dunha plataforma de formación propia.

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Formación

## ITINERARIO: MULLER A COOPERATIVA É PARA TI

3 cursos. Teleformación. 25 h./curso

- Muller lánzate a emprender en cooperativa
- Habilidades e competencias para o traballo en equipo en cooperativas
- Desenvolvendo a idea cooperativa

Do 3 de febreiro ao 18 de abril 2026
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA - CEPES - FSE+]

## FORMACOOP

4 cursos. Teleformación. 25 h./curso

- Contabilidade Cooperativa Nivel 0
- Formación Comercial
- Formación para Cadros Directivos de Cooperativas
- Contabilidade Cooperativa Nivel Pro

Do 2 de marzo ao 25 de maio 2026
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA - CEPES - FSE+]


## FERRAMENTAS BÁSICAS DE XESTIÓN

Curso en liña «Ferramentas Básicas de Xestión Cooperativa» (20 horas), sobre organización societaria e xestión empresarial en cooperativas, no marco do programa Consolida+

Ata o 31 de outubro 2026
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA-CEPES-FSE+ ]

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Formación



## ECONOMÍA SOCIAL E EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

Microcredencial universitaria de 2 créditos.

Coñecer a economía social e cooperativismo, saber como crear unha cooperativa e analizar o seu proceso. Saber como é a gobernanza e a participación no modelo cooperativo. Analizar a viabilidade económica, deseñar un proxecto, e coñecer casos.

Do 20 de abril ao 20 de maio 2026
[USC]

## XESTIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA NA COOPERATIVA

Microcredencial universitaria de 3 créditos.

Comprender a xestión económica dunha cooperativa de traballo asociado, saber aplicar ferramentas de planificación e análise, identificar as obrigas fiscais das cooperativas de traballo asociado, e elaborar un plan de mellora para a cooperativa.

Do 7 de abril ao 29 de maio 2026
[USC]

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO

Queremos facer crecer a economía cooperativa, social e solidaria. A difusión, visibilización e o fomento do cooperativismo tamén é a nosa razón de ser. En EspazoCoop realizamos diversas actuacións para logralo e para achegar o cooperativismo á sociedade. Realizamos servizos de fomento do cooperativismo en colaboración con organizacións e entidades, axentes sociais públicos ou privados, administracións, colectivos, redes, concellos, centros de ensino, universidades, confrarías, comunidades de montes, entre outros.

Podemos deseñar, elaborar e implementar plans e programas de fomento cooperativo, realizamos actividades e proxectos de todo tipo para promocionar o cooperativismo.

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Promoción do cooperativismo

## SENSIBILIZACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

Programa de impartición de charlas divulgativas “E ti, coñeces a fórmula?” en toda Galicia, para aumentar o coñecemento sobre os valores e vantaxes do emprendemento en cooperativa, así como concienciar da súa relevancia para fomentar a economía local e o empoderamento das comunidades e colectivos.

Durante 2026
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA]

## CAMPAÑA COOPERATIVAS DE ENSINO

Campaña de promoción dos colexios cooperativos: “Outro xeito de aprender, outro xeito de educar”.

Campaña en redes sociais e medios dixitais sobre que é un colexio cooperativo, por que escoller o ensino cooperativo, e que valores teñen as cooperativas de ensino.

Febreiro 2026
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA]

## COOPERATIVAS DE CONSUMO E COMUNIDADES ENERXÉTICAS

Xornada de promoción do cooperativismo de consumo como vía para desenvolver comunidades enerxéticas locais, fortalecendo a participación cidadá e o papel da economía social na transición ecolóxica, e ao mesmo tempo transferir coñecementos do proxecto LIFE EC4RURAL.

10 de outubro 2026
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA ]

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Promoción do cooperativismo

## ROTEIRO COOPERATIVO SANTIAGO

Coa actividade Roteiro Cooperativo sensibilízase sobre cooperativismo e visítanse varias empresas cooperativas de Santiago. 4 roteiros programados nos meses de marzo, abril e setembro para grupos de ata 15 persoas.

Ata setembro de 2026
[CONCELLO DE SANTIAGO]

## EXPOSICIÓN COOPERATIVAS DE COMPOSTELA

Coa exposición “Cooperativas de Compostela” achegaremos á cidadanía o cooperativismo presente na cidade. Permitirá visibilizar o cooperativismo, e captar interese polos produtos e servizos que ofrencen as cooperativas.

Setembro 2026
[CONCELLO DE SANTIAGO]

## SENSIBILIZACIÓN COOPERATIVISMO EN CENTROS DE ENSINO

Charlas en centros de ensino do Concello de Santiago, “E ti, coñeces a fórmula?”, para fomentar o emprendemento en réxime de cooperativa, divulgar esta fórmula de empresa e mostrar a experiencia real dunha cooperativa. 4 charlas.

Setembro > Outubro 2026
[ CONCELLO DE SANTIAGO ]

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Promoción do cooperativismo

## ROTEIRO COOPERATIVO A CORUÑA

Roteiro Cooperativo na Coruña, con 3 edicións para centros de ensino que buscan achegarse a coñecer cooperativas da Coruña, que trasladan a súa experiencia e as potencialidades de emprender co modelo cooperativo.

Visítanse 3 cooperativas da cidade.

27, 28 e 29 outubro 2026
[CONCELLO DA CORUÑA]

## DIVULGACIÓN COOPERATIVA “E TI, COÑECES A FÓRMULA?”

Charla divulgativa “E ti, coñeces a fórmula cooperativa?”, para fomentar o emprendemento cooperativo na universidade e en centros de FP. 2 charlas. Además de participación cun stand na Feira de Emprendemento do CIFP Paseo das Pontes ofrecendo información e asesoramento en materia de cooperativismo

De marzo a outubro 2026
[CONCELLO DA CORUÑA]


## A MAR DE RICO - ESDOMAR

A Mar de Rico, é un proxecto en colaboración con Fundamar para fomentar o consumo de produtos da pesca artesanal, alimentación sustentable e fortalecer a economía social. EspazoCoop imparte charlas de emprendemento cooperativo en centros de ensino de Vigo. Tamén participa na 3ª Feira ESDOMAR que se realiza o 26 de setembro na Lonxa de Canido.

Durante 2026
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA]

espazo coop
unión de cooperativas galegas

# Promoción do cooperativismo



espazo coop
unión de cooperativas galegas

## E TI, COÑECES A FÓRMULA?

Charla divulgativa “E ti, coñeces a fórmula cooperativa?”, para fomentar o emprendemento cooperativo no ámbito do sector cultural, entre estudantes de graos universitarios e ciclos de formación profesional relacionados con materias da industria cultural e creativa, entre outros colectivos destinatarios.
2 charlas.

23 e 29 de outubro 2026
[CONCELLO DE PONTEVEDRA]

## AULA ODS: AXENDA 2030 A TRAVÉS DO COOPERATIVISMO

Proxecto AULA ODS: A Axenda 2030 nas aulas a través do cooperativismo, con Coceta para achegar ao alumnado de Educación Secundaria, Bachelerato e Formación Profesional os principios da RSE, a Axenda 2030 e os ODS, mostrando as cooperativas de traballo como exemplo de empresa comprometida coa sostibilidade económica, social e medioambiental.
1 curso.

Novembro > Decembro 2026
[COCETA]

# CONTÁCTANOS

info@espazo.coop
www.espazo.coop
981575578

Oficinas en A Coruña - Santiago - Vigo

espazo coop
unión de cooperativas galegas